



ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA A.C.R.U.G.A.

Lugo, 8 de Xuño de 2020

Dentro do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e **ACRUGA** para a realización dun programa de consolidación e diversificación xenética, establécese unha **axuda para o uso de sementais en proba**.

Esta axuda está dirixida a gandeiros propietarios das **primeiras 50 crías nadas a partir do día 15 de Xuño de 2020** dos seguintes **sementais en proba**:

- | | | | |
|---------------------|---------------|-------------|-------------|
| - ADRIAN AG | - BREGAN AG | - CHOLO AG | - COLON AG |
| - JACINTO AG | - LILO TE AG | - LUCAS AG | -MARCELO AG |
| - PAVAROTI II TE AG | - REGUEIRO AG | - XASTRE AG | |

Para poder acollerse a esta axuda é necesario cumprir todo o protocolo establecido para a recollida e toma de datos sobre os nacementos e destetes de fillos destes sementais, tal e como se reflexa no reverso desta folia.

A **compensación económica** será de **80 € / animal**.

Esta axuda extenderase durante 3 anualidades (do 3 de Xaneiro de 2020 ó 31 de Decembro de 2022).

* Neste primeiro ano 2020, como consecuencia e excepción producida pola COVID-19 o pagamento da axuda realizarase de maneira fraccionada, realizando o pago de 50 € / animal para os animais nados do **15 de Xuño ó 15 de Setembro de 2020** con peso ó nacemento e os restantes 30 € no momento de comunicar o peso ó destete.

Para os animais nados dende o **16 de Setembro de 2020** a axuda so se pode obter de maneira íntegra no momento de ter os **dous pesos do animal** (non é posible o fraccionamento), e dicir, animais con peso ó nacemento dos que non teñamos peso ó destete non terán dereito a axuda.

Para calquera dúbida ou aclaración, non dubide en contactar connosco.



FDO.: Cesar Dorado Pín
Presidente de ACRUGA

PROTOCOLO AXUDA PARA O USO DE SEMENTAIS EN PROBA

REQUISITOS:

Figurar como gandeiro propietario dalgunha das primeiras 50 crías nadas, comunicadas e xustificadas en ACRUGA o nacemento e peso ó destete dos descendentes dos sementais en proba seleccionados.

Sementais en proba: ADRIAN AG, BREOGAN AG, CHOLO AG, COLON AG, JACINTO AG, LILO TE AG, LUCAS AG, MARCELO AG, PAVAROTI II TE AG, REGUEIRO AG e XASTRE AG.

OBRIGAS:

DO GANDEIRO:

- Comunicar o nacemento a ACRUGA nun prazo máximo de 72 horas.
- Ter o animal correctamente identificado (chapas postas).
- Xustificar con foto o peso ó nacemento tomado na báscula, e o resto da información con fiabilidade (facilidade de parto, tamaño, conformación da cría...).
- Xustificar con foto o peso ó destete tomado na báscula.
- Filiación compatible.
- Estar ao corrente das cuotas da asociación.

*No caso de ter cinta de pesada, o peso deberá tomarse das dúas maneiras (cinta + báscula) e facilitar os dous datos.

DE ACRUGA:

- Facer as inspeccións oportunas nas explotacións para comprobar que os datos facilitados polo gandeiro se corresponden á realidade.
- Proporcionar ao gandeiro unha compensación económica de 80€ /animal despois de obter o peso ó destete e unha vez cumpridas e verificadas todas as obrigas do gandeiro.